



Esixencia de realización presencial do trámite de cambio de enderezo no padrón de habitantes de Santiago de Compostela, malia solicitude presentada no Rexistro electrónico

Expediente: R.7.Q/416/21

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2021

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. [REDACTED] referente á esixencia de realización presencial do trámite de cambio de enderezo no padrón de habitantes de Santiago de Compostela, malia solicitude presentada no Rexistro electrónico.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que:

“Despois de solicitar un cambio de enderezo no padrón de habitantes de forma electrónica cubrindo o impreso e axuntando a documentación solicitada, me comunica a Xefa do negociado do padrón municipal que dito trámite ha de realizarse presencialmente. Tras remitirnos varios e-mails advertindo que o trámite está dispoñible online e que así o realicei, me comunica que ten que ser presencial, o online non é valido. Segundo o artigo 3 da lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, as administracións facilitarán o exercicio de dereitos e o cumprimento de deberes por medios electrónicos. No marco da situación pandémica que estamos atravesando, máis ca nunca se fai imprescindible a aplicación de dita lei reducindo os contactos presenciais, máxime cando o procedemento en cuestión do asunto está dispoñible electrónicamente e é realizable. Por isto, formulo esta queixa agardando unha resposta aclaratoria. Anoto o número de entrada do rexistro da solicitude de cambio de enderezo no padrón de habitantes que cursei satisfactoriamente de forma electrónica. Nº [REDACTED]”.

Ante iso requirimos informe a ese concello. No informe achegado indícase o seguinte:

INFORME

“Ante o escrito de queixa, formulado por ██████████, con DNI: ██████████ solicitando un cambio de domicilio e en cumprimento do establecida na base a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais e resolución do 29 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da presidencia do Instituto nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións aos concellos sobre a xestión do padrón municipal recolle: "Cando a solicitude se realice polos medios electrónicos habilitados, os datos identificativos que non consten no certificado electrónico, recolleranse mediante a correspondente folla padroal ou formulario e validarase a través do sistema de verificación de datos de identidade dispoñibles na plataforma de intermediación de datos O Concello non ten habilitado a día de hoxe, a folla de alta ou modificacións para poder facelo a través da sede electrónica, esta folla que debe reunir todos os requisitos establecidas na resolución anterior para poder arquivala por un período mínimo de 100 anos.

A documentación que presenta ██████████ non reúne os requisitos para poder empadroalo nun novo domicilio onde nos consta que esa vivenda está a nome doutro titular. Indicámoslle que ese trámite polas razóns expostas ten que ser presencial”.

Unha vez examinado en detalle o devandito informe conclúese que co seu contido non é posible realizar unha valoración definitiva do obxecto da queixa, e con data 20 de abril de 2021 solicitamos información complementaria:

- Previsións do Concello para actuar de conformidade co artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común que establece que as comparecencias persoais dos cidadáns nas dependencias administrativas, só deben facerse cando así estea establecido nunha norma con rango de lei.
- Previsións do Concello, tendo en conta que a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, norma con rango legal que regula o Padrón Municipal de Habitantes, non recolle dita esixencia (comparecencia persoal)

O Concello non contestou a esta solicitude.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

Da información achegada constátase que o obxecto da controversia suscitada céntrase na configuración por ese Concello do procedemento de alta no Padrón Municipal de Habitantes como presencial para a subsanación de defectos, como así se lle informou ao interesado .

2.- En relación coa devandita esixencia de comparecencia do interesado nas oficinas municipais, ese Concello ha de saber :

De conformidade co artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común que as comparecencias persoais dos cidadáns nas dependencias administrativas, só deben facerse cando así estea establecido nunha norma con rango de lei.

Por tanto, tendo en conta que a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, norma con rango legal que regula o Padrón Municipal de Habitantes, non recolle a dita esixencia, a xuízo desta institución a configuración por ese Concello do trámite de alta no padrón como presencial non resulta conforme a dereito, na medida en que recoñece non tramitar nos termos previstos na Lei 39/2015 as solicitudes presentadas que conteñan algún defecto ou omisión.

E é que ese Concello ha de ter en conta que no caso de que a documentación presentada non sexa completa debe requirir ao interesado a corrección da mesma nos termos previstos pola Lei 39/2015 e permitir a presentación da corrección por escrito por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da citada lei.

E iso é relevante porque se esta se emendase adecuadamente, o acto que se dite resolvendo a inscrición pode fixar como data de alta no Padrón a da propia solicitude presentada sempre que na dita data o interesado xa residise alí e non se lesionasen dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas. A esixencia por parte das entidades locais aos interesados que residen efectivamente no municipio, do cumprimento de requisitos, trámites ou obrigacións para o acceso ao Padrón Municipal de Habitantes que non están recollidos na normativa do padrón (como é o caso da esixencia de comparecencia do interesado) supón non só unha barreira ao acceso do cidadán ao Padrón senón unha restrición ilexítima ao acceso aos dereitos que a normativa vixente atribúe aos veciños, entre os que se atopan dereitos de participación política que son esenciais nun Estado Democrático.

Por iso, esta institución traslada a ese Concello que ha de ser especialmente rigoroso e garantista na aplicación da normativa do padrón, evitando calquera práctica que imposibilite ou dificulte o empadramento dun veciño que resida efectivamente no municipio.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte recomendación:

Aplicar e permitir a presentación da corrección por escrito por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 para a realización de calquera trámite referido ao Padrón Municipal, salvo nos casos nos que así estivera disposto por unha norma con rango de lei.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolles saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do responsable do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo